

Pola Alcaldía, no día da data, dictouse a seguinte resolución:

Expediente: Delegación Alcaldía por ausencia.

Trámite: Resolución.

Vistas as posibilidades de delegación contempladas polo art. 44 do RD 2568/1986, así como a substitución que para estes supostos prevé o art. 47 do mesmo texto e o art. 63 da Lei galega 5/1997.

Visto o disposto polo art. 3 do Regulamento Orgánico Municipal.

Pola presente resolvo:

1. Delegar as facultades inherentes a esta Alcaldía en D. Xosé Manuel Martínez Ojea, en canto 1º Tte. de Alcalde, da Alcaldía do Concello dende os días 1 de agosto de 2006 ata o 15 de agosto de 2006 ambos inclusive, exceptuando dous días nas, aínda non concretados, nos que asumirei a Alcaldía por mor de compromisos adquiridos con anterioridade.

2. Dar traslado da presente para a súa publicación no BOP, así como no Taboleiro de edictos do Concello.

3. Dar traslado da presente resolución ao interesado.”

O que se fai público en cumprimento do ordeado e aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que agota a vía administrativa, poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo competente de Pontevedra, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa notificación (arts. 10 e 46 da Lei 29/1998). Potestativamente poderá interporse con anterioridade recurso de reposición ante o propio órgano autor do acto, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa notificación (art. 116 da Lei 30/1992). Todo elo sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

Mos, 31 de xullo de 2006.—O Secretario Acctal.,
José M^º Domínguez Blanco. **2006007517**

* * *

SILLEDA

A N U N C I O

Durante un prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de don Ramón Conde Rey, que pretende a “apertura de edificio para hotel dunha estrela, na rúa Xeral, nº 27, Bandeira (Silleda)”, de acordo co establecido no art. 30, apartado 2.a), do R.A.M.I.N.P., do 30 de novembro de 1961.

Silleda, a 19 de xullo de 2006.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez. **2006007666**

SALVATERRA DE MIÑO

E D I C T O

Non presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da “Ordenanza municipal reguladora para a autorización de apertura de furanchos” e “Ordenanza municipal de Normalización Lingüística” cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Introdución

A principal manifestación da identidade cultural dun pobo é a súa lingua. A constitución española establece no artigo 3 que como tal patrimonio cultural “será obxecto de especial respecto e protección”.

O artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía desenvolve aínda máis o precepto ao encomendarlle aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega —xuntamente co castelán— e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa “e disporán —engade— os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

Cando un Estatuto de Autonomía outorga carácter oficial á súa lingua, está impoñendo obrigas aos poderes públicos autonómicos. Os poderes públicos impónselle o recoñecemento da lingua como medio normal de comunicación entre eles e na súa relación cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos. Esta é a xurisprudencia do Tribunal Constitucional recollida no fundamento xurídico segundo da Sentencia 82/1986.

A Lei de Normalización Lingüística de Galicia no artigo 6.4 establece que “A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei”.

En virtude do disposto naquel precepto legal o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, que dá cumprimento ao mandato estatutario.

En Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as Corporacións Locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperar o uso do noso idioma para os usos administrativos. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas Leis para que os

complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan.

As Corporacións Locais por ser as administracións máis próximas aos cidadáns son as que máis preto viven a marxinación da lingua galega. E preciso, pois, que os rexedores municipais, en primeiro lugar, corrixan os hábitos lingüísticos existentes do predomínio exclusivo da lingua castelán.

Por considerarmos que as razóns expostas abondan para cambiar as actitudes lingüísticas propónselle ao Pleno do Concello a aprobación da seguinte Ordenanza de Normalización Lingüística.

ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Capítulo I

Artigo 1º:

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Salvaterra de Miño.

2. As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

3. Os cidadáns teñen dereito a ser atendidos e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

Artigo 2º.—O Concello de Salvaterra de Miño empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas sitas en Galicia.

Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fóra do territorio de Galicia o concello de Salvaterra de Miño empregará normalmente a lingua oficial do lugar onde residan aquelas, agás cando estas persoas ou entidades sexan galegas ou manteñan algún vínculo sociocultural con Galicia. Neste caso empregarase o galego.

Capítulo II

Das resolucións e da documentación administrativa

Artigo 3º.—Serán redactadas en galego:

a) As convocatorias das sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Tribunais de Oposición e Concursos.

b) As Actas das sesións dos devanditos órganos municipais.

c) As Resolucións do Alcalde, dos Conselleiros-Delegados e o seu Libro de Rexistro.

Artigo 4º.—A documentación dos expedientes administrativos que dean lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén serán redactadas e tramitadas en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentos e impresos.

Nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa débese ter en conta o devandito obxectivo.

Artigo 5º.—Os documentos contractuais subscritos polo Concello redactados en galego.

Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio debe producir efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castelán.

Artigo 6º.—Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello de Salvaterra de Miño os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

Capítulo III

Atención ao público

Artigo 7º.—

1. Os modelos de impresos á disposición do público estarán en galego, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ao castelán daqueles impresos que así sexan solicitados de xeito formal.

2. O persoal do Concello de Salvaterra de Miño empregará o galego como lingua nas súas comunicacións cos administrados e administradas, agás no caso en que estes demanden expresamente ser atendidos en castelán.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

Capítulo IV

Relación coas empresas privadas

Artigo 8º.—

1. Os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encargue a terceiro dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego, aínda que a súa finalidade esixa a redacción noutra lingua.

2. O Concello de Salvaterra de Miño requirirá aos seus contratistas e provedores a presentación de documentación en galego e que fagan uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto do contrato. Estes requisitos han de constar no prego de condicións dos contratos administrativos que aprrobe o Concello.

Capítulo IV

Anuncios e publicacións

Artigo 9º.—Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou calquera medio de comunicación radicado no territorio da nosa Comunidade Autónoma, serán redactados en galego. Fóra

do ámbito lingüístico galego, a publicidade farase xeralmente en versión dobre.

Artigo 10º.—As publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico, así como as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega.

Artigo 11º.—Os cargos do Concello de Salvaterra de Miño expresaranse en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

Capítulo VI

Topónimos. Sinalizacións e rótulos

Artigo 12º.—Consonte co que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización Lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Salvaterra de Miño é a galega, ao igual que a dos demais topónimos de Galicia.

Artigo 13º.—

1. Os rótulos e sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal serán redactados en idioma galego.

Cando o interese xeral o requira, tamén se poderán redactar noutros idiomas.

2. Todos os vehículos do parque móbil municipal levarán a súa rotulación en galego. Isto mesmo será aplicable ao parque móbil das empresas adxudicatarias ou concesionarias de servizos municipais, e así se establecerá nos correspondentes pregos de condicións.

3. O establecido no apartado anterior (2) tamén será de aplicación a todo o vestiario municipal.

Capítulo VII

Do persoal o servizo da Corporación

Artigo 14º.—

1. A declaración da oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e na escrita, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.

2. Para acadar ese obxectivo, establécense as seguintes regras:

a) O persoal que actualmente traballa ao servizo da Corporación e non estea capacitado para o uso do galego de acordo co disposto no apartado núm. 1 do presente artigo deberá adquirir tal coñecemento. Con ese fin o Concello desenvolverá un programa de actuación e perfeccionamento.

b) Nos procedementos de selección do novo persoal incluírase sempre unha proba de coñecemento da lingua galega adecuada ao nivel e contido da praza convocada.

c) O persoal ao servizo da Corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou par-

tipara nos programas de formación ou perfeccionamento estará obrigado á súa utilización no traballo de acordo coas disposicións que contén a presente Ordenanza.

Capítulo VIII

Relación con outras Administracións

Artigo 15º.—As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza faranse en lingua galega, consignándose sempre por escrito o cumprimento do art. 7.2 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de xustiza.

Disposición transitoria única.—Aprobada definitivamente a presente ordenanza, establécese un prazo de seis meses, a contar da publicación do seu texto íntegro no B.O. da Provincia, para a súa adaptación integral á vida municipal.

ORDENANZA REGULADORA PARA A AUTORIZACIÓN DE APERTURA DE FURANCHOS

Artigo 1.—Esta ordenanza ten por obxecto a regulación da venda e consumo de viño nos furanchos do Concello de Salvaterra de Miño.

Artigo 2.—Teñen a consideración de furanchos aquelas adegas dedicadas á elaboración de viño de colleita exclusiva propia, nas que se vende ou degusta dito viño, que en todo caso haberá de observarse a normativa sectorial técnico-sanitaria aplicable.

Artigo 3.—Os/as colleiteiros/as que pretendan vende-lo viño en furanchos necesitarán de autorización municipal.

Artigo 4.—A autorización municipal outorgarase previa solicitude presentada polo/a interesado/a, na que se faga consta-lo lugar exacto no que se sitúa a actividade, o número de litros que se pretende vender, a variedade ou variedades de uva do que procede, e o período no que pretende poñer á venda, o seu consumo, que en ningún caso poderá ser superior a 6 meses.

A solicitude deberá ir achegada a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI do solicitante.

b) Fotocopia autenticada do certificado, expedido pola Axencia de Extensión Agraria de Ponteareas, que xustifique que a adega na que se elabora o viño atópase nas debidas condicións hixiénico-sanitarias.

c) Fotocopia autenticada de ter efectuado perante a Axencia de Extensión Agraria de Ponteareas, a declaración de produción da campaña anual.

d) Carné de manipulador de alimentos.

e) Informe Técnico sobre o estado do local para instalación do furancho.